

MPN/pnb

## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa vixente, á vista do informe-proposta da xefa do Servizo de Cooperación, ditou a seguinte RESOLUCIÓN:

SERVIZO DE COOPERACIÓN

NÚMERO DE EXPEDIENTE: 2016008664

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO: "AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO ENTRE CASTRELO E POUSADA-CELA"

BENEFICIARIO: Concello de Bueu

ASUNTO: Concesión de subvención; compromiso de gasto.

### "INFORME PROPOSTA

INSTRUMENTO DE XESTO	
REGISTRO XERAL	
DATA	- 7 ABR. 2016
ENTRADA	SAIDA
Núm	2459

### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión de 27 de novembro de 2015, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan de Concellos) 2016, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 233, do 2 de decembro de 2015, sendo o seu obxecto, no marco da cooperación económica, regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións que se concedan con cargo a este plan. As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- Considerando os criterios de concesión que se regulan na base 5ª do Plan de Concellos 2016, elaborouse un reparto do crédito, a repartir polo procedemento de concorrencia non competitiva, que foi notificado ós concellos nos cinco primeiros días hábiles seguintes ó da publicación das bases no BOPPO.
- En data 03/03/2016, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ó abeiro do Plan de Concellos 2016, petición do Concello de Bueu na que solicita con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención por importe de 40.000,00 euros con destino ó financiamento da actuación "AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO ENTRE CASTRELO E POUSADA-CELA" (Expdte.: 2016008664)
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan de Concellos 2016.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

#### Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP)

- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos 2016 (Plan de Concellos 2016).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2016

### **Consideracións Xurídicas**

#### **Instrución do expediente:**

- Base reguladora 13ª do Plan de Concellos 2016, relativa á instrución e procedemento que indica que correspóndelle ó Servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia non competitiva.

#### **Petición e evacuación de informes:**

- Artigos 82 e 83 da LRXAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 89.5 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2016, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 13ª do Plan de Concellos 2016, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención

#### **Resolución do expediente**

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ó órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.

- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial para o exercicio 2016 que regulan o procedemento de concesión mediante concorrencia e contido das solicitudes de subvención.
- Bases reguladoras 1ª e 8ª do Plan de Concellos 2016 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases reguladoras 10ª e 11ª do Plan de Concellos 2016 que recollen a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.

### **CONCLUSIÓNS**

A solicitude do Concello de BUEU relativa o financiamento de actuación "AMPLIACIÓN REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO ENTRE CASTRELO E POUSADA-CELA" foi presentada dentro do prazo recollido na convocatoria do Plan de Concellos 2016, e asemade xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 40.000,00 euros. O obxecto do investimento encádrase, e adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na base 8ª, á LIÑA 1, INVESTIMENTOS, tratándose dunha actuación executada polo concello dentro do marco das súas competencias.

Asemade, enxeñeiro xefe de cooperación emitiu informe favorable do proxecto achegado con data 8 de marzo de 2016.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE o expediente do Concello de BUEU e PROPOÑO que lle sexa concedida unha subvención por importe de 40.000,00 euros con destino ó financiamento do investimento "AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO ENTRE CASTRELO E POUSADA-CELA" (Expdte.:2016008664). A concesión realizarase contra a aplicación 16/942.9425.762.45 do orzamento provincial para o exercicio 2016.

### **RÉXIME COMPETENCIAL:**

En virtude do establecido na base 16ª.1 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Presidencia.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Tendo en conta o exposto e visto o informe da intervención provincia de data 31 de marzo de 2016, elévase á Presidencia a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

- CONCEDER ó Concello de Bueu, CIF.: P3600400J, a cantidade de 40.000,00 euros, para a realización do investimento "AMPLIACIÓN REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO ENTRE CASTRELO E POUSADA-CELA" cun orzamento polo mesmo importe, 40.000,00 euros.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 16/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.

000023

- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución das obras ó abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación deste investimento realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2016, aprobadas por acordo plenario de 27/11/2015 e publicadas no BOPPO núm. 233 de 02/12/2015 (dispoñibles tamén na web [www.depo.es](http://www.depo.es)) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ó abeiro da base décimo oitava do Plan de Concellos 2016, o investimento debera estar executado e xustificado, na súa totalidade a 31/12/2017. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- DARLLE TRASLADO da presente resolución ó Concello de Bueu, á Intervención, ó Servizo de Cooperación, ó Gabinete de Presidencia e ó Gabinete de prensa

Pontevedra, 01 de abril de 2016  
A xefa do servizo de cooperación  
Marina Piñeiro Novo"

*Vista a precedente proposta de acordo, RESOLVO, de conformidade coa mesma.*



*Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 107 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro), ou ben, directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei).*

*Todo isto sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime pertinente."*

O que lle traslado para o seu coñecemento, cumprimento e demais efectos.

Pontevedra, 01 de abril de 2016.

O Secretario Xeral  
Por delegación á xefa do servizo de cooperación  
Segundo R.P. núm. 2016001033, de 25 xaneiro de 2016

  
  
Marina Piñeiro Novo  
DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA